



## Querida Sophia

Christina Moreiras

Querida Sophia:

Ti Presente, Guía Agochada e Luminosa (1 Co 2,7). Permíteme falar a voces contigo, non como fago sempre, perdéndome nas corredoiras de silencios que levan aos nosos encontros segredos...Ti sabes todo de min e de todo, mais preciso falar.

Recóllome en ti, diante de ti, no teu colo, como adoito facer. As miñas mans, instintivamente van dar ao meu ventre, como preñada pesada que sabe que ten que soltar a criatura, guste ou non. Dáme azos sentir que non é algo meu, que ven das galaxias e do vento de calados silencios dos grandes desertos, e aí mesmo reúno os recordos. Lembro as risas como de cóchegas, doutras horas, a luz albea dos encontros e a tenrura, e matino se será hora de abrir unha porta e partillar. Direilles que me chamaches ti, como chamas a tantas, a tantos, a toda a familia? Que non calas, que non cansas de recrutar para o teu plan, invitados e invitadas para a festa e tamén persoal que sirva as mesas? Direilles que só pedía un mantelo... Mais pasou moito tempo desde o primeiro convite, abrín o cofre da herданza cunha chave seica roubada, lavei as roupas, saqueinas ao sol e declaro que nós, mulleres, non as manchamos, non, e as manchas non so son de viño e po... Herdamos a historia, os pecados e a gloria, a grazia e a miseria, a música e os berros das queimadas vivas. Todo é noso, non só o armario das escobas e os floreiros.

O que mais me custa non son as críticas, áinda que as hai moi feras, non son os argumentos teolóxico-bíblico-hermenéutico-machistas e pobres, non son as feridas falantes que cospen mofas, rabia, ignorancia, envexa,... e me falan de sufrimentos humanos